



Mulleres no altar?

Marisa Vidal Collazo

Bo día, benvidas todas e todos a este novo Foro Encrucillada, o número XXXIII, un número moi significativo, disque a idade da plenitude vital. O título deste ano é ben suxestivo: Mulleres no altar?

Esa é unha pregunta que flota no ambiente eclesial cada vez con máis sonoridade porque as mulleres hai tempo que estamos facendo oír a nosa voz. O último 8 de marzo marcou un antes e un despois na presenza do feminismo na nosa sociedade. A ausencia das mulleres nos lugares de presidencia do culto e nos órganos de decisión da Igrexa está a xerar unha pregunta necesaria e que mesmo hai quen considera molesta: porque non?

E parece que as cousas van cambiando. En 2016, o Papa Francisco acolleu a petición dunha das participantes na reunión trienal da Unión das Superiores Xerais (UISG) sobre o diaconado feminino e creou unha comisión conxunta entre homes e mulleres, presidida por Mons. Ladaria, coa tarefa de estudar a posibilidade de que as mulleres poidan acceder ao Ministerio do diaconado.

Ao mesmo tempo, non vivimos alleas aos comentarios, moitas veces ferintes e faltos da máis mínima caridade cristiá, que a cuestión da ordenación das mulleres suscita, e que podemos atopar tanto nas redes sociais como en declaracións de certas desfasadas autoridades eclesiásticas. Eu mesma, hai algo máis dun ano, escribía desta cuestión no blog do amigo Xosé Cuns un *post* titulado: *Muller na Igrexa: acaso Deus non quere a igualdade?* Nel falaba do medo que a cuestión da ordenación das mulleres está a suscitar na Igrexa, un medo que repousa na ignorancia e nos prexuízos.

Encrucillada non é unha revista feminista, aínda que si vive con moita preocupación a discriminación e «inferiorización» da muller na Igrexa. Proba diso son os moitos e diferentes artigos dedicados a esta cuestión nas nosas revistas, unha monografía editada no ano 2000 *Por unha Igrexa tamén feminina*, de Engracia Vidal Estévez e o XIV Foro Encrucillada, en 1999, que se titulou *O desafío do feminismo á Igrexa*. 19 anos despois retomamos a cuestión da muller na Igrexa na cuestión concreta da súa presenza no altar. Recollemos así esa vontade papal de estudar a cuestión do diaconado feminino e quere-molo facer con responsabilidade, con rigor histórico e fundamento teolóxico. Queremos desterrar medos, deixando atrás ignorancias e prexuízos, facendo reflexionar á sociedade e á Igrexa galegas sobre a viabilidade real que tería o avance nun camiño que ata agora non foi percorrido de forma pacífica e unánime por todo o corpo eclesial.

Como antecedente a este Foro, temos presente o Seminario sobre o diaconado feminino convocado pola Asociación de Teólogas Españolas, en colaboración coa Asoc. de Teólogas Italianas e o Instituto Superior de Pastoral en xuño de 2017, Seminario que se abriu coa intervención do cardeal de Madrid, Mons. Carlos Osoro, e a presidenta da ATE, Silvia Martínez Cano.

Para reflexionar sobre a cuestión das mulleres no altar podíamos ter elixido moitos enfoques, todos eles válidos e lexítimos, pero escollemos un moi concreto. Lanzámolo como unha pregunta porque queremos ver as fendas que se abren no discurso da teoloxía (non tan monolítico como desde fóra puidese parecer) e buscar os argumentos teolóxicos e históricos nos que se poida apoiar unha nova maneira de entender o papel das mulleres na Igrexa en relación ao diaconado. Jesús Martínez Gordo irá un pouco máis alá e mesmo se achegará ao presbiterado.

A algunhas compañeiras feministas resultoulles chocante, e así nolo expresaron, que para tratar esta cuestión convidemos a dous homes. A nosa pretensión é sacar o debate sobre as mulleres no altar dos círculos feministas. Non pretendemos, a estas alturas, que os homes dean medida ou permiso ao discurso das mulleres. Temos tamén presente que o Foro non é un espazo para sentar

cátedra sobre ningunha cuestión, senón para abrir debate, suscitar preguntas, aportar argumentos, e despois do 8M, da forza que mostrou no estado a marea de mulleres que tomamos as rúas reivindicando a igualdade, toca á teoloxía e a historia da Igrexa, tradicionalmente dominada polos varóns, dar unha palabra que resulte crible e axude a avanzar.

Cómpre a toda a Igrexa, homes e mulleres, recoñecerse nas vindicacións feministas e, como nos dirá a nosa compañeira Pilar Wirtz, atopar un novo lugar, novos xeitos, caer na conta da necesidade dese cambio que as mulleres feministas levamos tanto tempo reclamando. A sociedade, e tamén a Igrexa, teñen moito que gañar se descubren, recoñecen e adoptan como propios os retos do feminismo: a igualdade real e efectiva de todos os fillos e fillas de Deus. Por iso abrimos este foro nesta mañá coa palabra experta e clarividente de Pilar Wirtz Molezún, monxa da Compañía de María, que leva moitos anos dedicada á conxunción entre espiritualidade e feminismo. Pilar tráenos as achegas do feminismo neste inicio de século XXI e que retos presentan para a Igrexa.

A continuación teremos un pequeno descanso, para intercambiar saúdos e impresións arredor dun café, te ou zume que a cooperativa de Comercio Xusto Panxea nos vai brindar no claustro. Panxea leva dende 1995 facendo chegar á cidadanía compostelá o consumo responsable e o comercio xusto, apostando pola soberanía alimentaria e a acción social en Santiago de Compostela e Galicia. Coa achega económica que fagades cando collades o voso café estaredes contribuindo a soster este proxecto.

Despois, ás 12:30 h, Jesús Martínez Gordo, teólogo e sacerdote na diocese de Bilbao, debullará para nós as razóns teolóxicas cara o acceso das mulleres ao presbiterado. Con el veremos as inconsistencias dese muro de negativas que algúns pretenden vender como verdades inamovibles. Vanse abrindo camiños e fai falla facernos conscientes do seu alcance e das perspectivas de futuro que nos ofrecen.

A partir das 4 da tarde retomaremos o Foro coa presentación, a cargo do director da nosa revista, Pedro Castelao, da Monografía

en dous volumes *As Letras Galegas na Encrucillada*, libro que editamos neste ano 2018 para celebrar os nosos 40 anos como revista galega de pensamento cristián e que xa presentamos con grande éxito na sede da Real Academia Galega.

Despois, ás 16:30 h, Fernando Rivas Rebaque, profesor de Historia Antiga da Igrexa na Universidade Pontificia Comillas e sacerdote en Xetafe, achegará os datos dos que agora dispoñemos na investigación histórica sobre como era a realidade eclesial e que papel real desempeñaban as mulleres na primeira Igrexa. A Igrexa non foi sempre igual ao longo da Historia, e achegarnos ás nosas orixes con mirada limpa das lagañas patriarcais é un exercicio necesario sempre que queiramos pensar en fidelidade á misión que Xesús de Nazaret nos encomendou.

Pecharemos o Foro, ás 18:00h, cun recital de palabra, música e danza: A danza da sabedoría, sobre un texto da nosa compañeira Carme Soto, e coa execución plástica do Ballet Druída da Coruña no corpo das bailarinas Julia Méndez e Rosalía Vázquez, baixo a dirección de Mercedes Suárez.

Non quero rematar esta presentación sen agradecer a subscritoras e amigas de Encrucillada o seu apoio fiel ao longo destes 40 anos de revista. É porque elas e eles nos sosteñen que o podemos seguir organizando. Quero poñer en valor o apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que nos prestou este local, o salón de actos do antigo Hospital de San Roque, para poder levar a cabo este evento. Tamén queremos agradecer de xeito especial a Rocío Solla o cartel que fixo para esta ocasión.

E máis nada. Espero que gocen e aproveiten este XXXIII Foro, que con ilusión e traballo, o consello da revista Encrucillada lles ofrece.

Bo día.

Marisa Vidal Collazo